CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Compara de forma guiada similitudes e diferenzas entre as linguas algunhas veces		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplica os coñecementos para mellorar a súa comunicación de forma guiada algunhas veces		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Demostra suficientes progresos baseándose nas correccións realizadas por parte da profesora		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuizos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Respecta aos diferentes e ás distintas opinións algunhas veces		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Amosa interese por coñecer a diversidade cultural e lingüística case sempre		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> </ul>

## Contidos

- Convencións ortográficas elementais.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a primeiro de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo e que teñan contexto de realidade.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, con-testar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do

xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.

-Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

-Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... axeitados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

1-Páxinas web de xogos online WORDWALL, ABCYA, TOPMARKS, TINYTAPS, STARFALL  
 Historias e contos publicados na rede: WHERE IS SPOT? FROM THE GARDEN...  
 3-Xogos de mesa BINGO, SNAKES AND LADDERS, SNAP! NOUGHTS AND CROSSES  
 -Xogos físicos. THE PARROT, SIMON SAYS, THE TELEPHONE, RUN IF..., WHAT`S MISSING?  
 -Libros de lectura.  
 6-Posters e murais.  
 7-Ferramentas de elaboración de materiais. CANVA, GENIALLY, QUIZLET, WORDWALL, AUTODRAW, SPINERWHEEL  
 8-Encerado dixital interactivo -smart board.  
 9-Use dos medios audiovisuais que conte a escola.  
 10-Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.  
 11-Videos.  
 12-Rimas, cancións e poemas.  
 13-Actividades DUA.  
 NOTA: neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 2º.  
 Citamos algúns exemplos:  
 1- Páxinas web de xogos online:  
 British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.  
 Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>  
<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>  
<https://www.funenglishgames.com/>  
 Types of games:  
 -Memory.  
 -Drag it.  
 -Teacher (your name) says .  
 -Match it.  
 -Guess it.  
 -What's missing?  
 2- Historias e contos publicados na rede:  
 "Where is Spot?" [https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF\\_Ks](https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks)  
 "Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>  
 "Dear zoo" [https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI\\_2TDOo](https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI_2TDOo)  
 3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)  
 + De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:  
 \* adiviñar a tarxeta;  
 \* memory game;  
 \* facer parellas  
 + De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:



- Snakes and ladders.
  - Noughts and crosses.
  - Trivial.
  - Scrabble.
  - Crazy Chefs
  - Pictionary
  - What is the time, Mr Wolf?
  - Spotty dogs.
  - + Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.
- 4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:
- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
  - + xogos de rol,
  - + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
  - + xogos de localización e movemento no espazo.
- 5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos."
- 6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.
- 7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.
- Por exemplo:
- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
  - + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
  - + Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)
  - + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola
- 8- Encerado dixital interactivo - smart board
- Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.
- 9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.
- 10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
- Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas infantía coñecidas polo alumnado, debuxos animados, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, alimentación sa e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

Cancións:

THE PREPOSITIONS SONG

Rimas:

"See you later, alligator!"

"Diddle, diddle dumpling my brother John"

"Humpty Dumpty

"Star light, star bright"

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

Libros da biblioteca de aula: libros de texto, caderno do alumno/a

Fichas elaboradas polo/a mestre/a con diversas ferramentas: CANVA. AUTODRAW, CREATE A QUIZZ, etc...

Fichas sacadas de internet

Fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade.

Láminas, flashcards

Encerado dixital.

Portatil, proxector, acceso a internet para realizar diferentes actividades e desenvolver a Competencia Dixital.

Materiais complementarios.

Aula Virtual

Vídeos de: Youtube

Lecturas: Wordcloud, Storyline Online, Youtube, British Council, Englishforkidz

Webs con xogos/fichas interactivos: British Council, Liveworksheets, Agendaweb, Learningenglishchocolate, Anglomaniacy, Tinytap, ABCyA

Webs/blogs específicos de Inglés.

Class tools, Genialy, Educandy

Tarxetas, ladder and snakes, memory cards...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e a adquisición das rutinas traballadas nos cursos anteriores.

Os resultados deste proceso recolleranse mediante gravacións en audio ou vídeos individuais, de interacción en parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de

cada neno e nena.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación en Primaria é continua, global e formativa.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a e o peso que terá cada trimestre na cualificación FINAL.

No curso desenvolveranse 6 unidades distribuídas do seguinte xeito:

1º TRIMESTRE= UD 1 + UD 2

2º TRIMESTRE= UD 3 + UD 4

3º TRIMESTRE= UD 5+ UD 6

A nota do 1º TRIMESTRE será o resultado de aplicar a seguinte fórmula: nota UD1x 0,5+ nota UD2x 0,5

A nota do 2º TRIMESTRE será o resultado de aplicar a seguinte fórmula: nota UD3x 0,5+ nota UD4x 0,5

A nota do 3º TRIMESTRE será o resultado de aplicar a seguinte fórmula: nota UD5x 0,5+ nota UD6x 0,5

CALIFICACIÓN FINAL:

Na cualificación final aplicarase esta fórmula:

1º TR. x 0,3+ 2º TR. x 0,3 + 3º TR. x 0,4

O peso da nota de cada unidade didáctica distribuirase do seguinte xeito:

A participación e interacción : 30% (avaliarase mediante unha lista de cotexo)

Probas orais: 60% : vocabulario, linguaxe de aula, preguntas e respostas e rutinas (avaliaranse mediante unha rúbrica)

A actitude e o respecto polas normas e polos compañeiros: 10% (avaliarase mediante unha lista de cotexo)

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Para aquel alumnado que non consiga seguir o ritmo da clase proporánselle actividades simplificadas e graduadas ademais de repetición de probas nas que non teña acadado a cualificación mínima. Apoios e reforzos educativos, serán as medidas idóneas a adoptar se o horario do departamento de orientación o permite.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo cas características que eles teñan. A modo de exemplo citamos o seguinte:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

-Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

\*Nenos e nenas con trastornos de conducta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS	X	X	X	X	X	X
ET.2 - O RESPETO Á DIVERSIDADE	X	X	X	X	X	X
ET.3 - HÁBITOS DE SAÚDE E HIXIENE	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - O TRABALLO COOPERATIVO	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
SAÍDAS DIDÁCTICAS	As saídas serán aproveitadas nas clases de LE	X	X	X
VISITAS AO CENTRO	grupos de teatro, contacontos, visitas de diferentes áreas.	X	X	X
CONMEMORACIÓNS DO CENTRO	Samaín, Magosto, 24 Novembro, Día da Paz, Dereitos dos nenos e nenas, ect...	X	X	X
CONMEMORACIÓNS PROPIAS DA LINGUA ESTRANXEIRA	Halloween, Guy Fawkes Day, MLK, Easter, St. Patrick, etc...	X	X	X

### Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Cúmplese o número de sesións programadas
Lógrase que o alumnado estea intesitado e participe con espontaneidade
Os recursos empregados e os agrupamentos conseguen os obxetivos propostos
Lógrase responder ás necesidades do alumnado
Hai respeto e cohesión no grupo
Fanse as reunións necesarias para abordar os temas de interese

### Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Ao finalizar cada UD farase unha avaliación en función dos resultados obtidos. Detectaranse os aspectos a mellorar: metodoloxía, tarefas, agrupamentos, recursos ou temporalización. Estaremos especialmente atentas ás dificultades de aprendizaxe e ao grao de implicación e motivación do alumnado establecendo mecanismos de mellora para que se acaden os obxectivos e se desenvolvan as competencias de xeito positivo. Ditos mecanismos reflexaranse no apartado correspondente da aplicación PROENS

E ,se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de lingua estranxeira.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28



## 1. Introducción

Esta programación está elaborada para ser implementada na área de Lingua Galega nun centro público de educación infantil e primaria, situado na área urbana de Pontevedra. Este centro é de liña 1 nas etapas de educación infantil e primaria, ágas en 4º de educación primaria que é de liña dous.

O alumnado para o cal se elabora a programación atópase no segundo curso da etapa de educación primaria. Todo o alumnado é nado no ano 2017 polo que a maioría contan con 7 anos de idade. O grupo aula está conformado por 14 alumnas e 11 alumnos.

A aula conta cun recuncho de traballo de lectoescritura e material complementario para todo o alumnado que remata a tarefa programada. Este material é manipulativo e permite desenvolver destrezas tales como a conciencia fonolóxica, grafomotricidade ou ampliación de vocabulario.

Nesta materia traballaranse de forma transversal os diferentes contidos que figuran no presente currículo co obxectivo de que o alumnado adquira

conceptos, destrezas e actitudes relacionadas coa lingua galega. Considérase importante o impulso e o gusto polo emprego da lingua galega evitando calquera tipo de prexuízo que poidera existir.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1.1	As letras e o abecedario. Ortografía: ca, co, cu, que e qui. Texto: postais.	5	16	X		
2	Unidade 1.2	As palabras e as sílabas. Ortografía: za, zo, zu, ce e ci. Texto: describir persoas e a entrevista. A oración e as súas clases. Ortografía: ga, go, gu, gui, gue, güi, güe. Texto: informativo.	15	40	X		
3	Unidade 2.1	Os pronomes persoais. Ortografía: r e rr. Separar oracións. Texto: poemas O substantivo propio, común e colectivo. Xénero e número. Ortografía: -mb- e -mp-. Texto: informativo e escribimos un conto.	10	34		X	
4	Unidade 2.2	O determinante: o artigo. Texto informativo e o poema. Os adxectivos. Ortografía: ll, l. Texto: poema e escribir unha noticia.	10	29		X	
5	Unidade 3.1	Ordenar unha oración. O verbo. Ortografía: x Texto: poema Os tempos verbais. Os signos de interrogación., br, bl. Texto: poema e refráns.	60	21			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1.1	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa na súa escrita.	PE	50
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribir en galego pequenos textos de temática definida dun mínimo de 30 palabras..		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir pequenos textos coherentes con mínimo de 30 palabras.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñecer a lingua galega como lingua propia e ser quen de identificala.	TI	50
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar falando en galego na aula respectando as normas de cortesía básicas.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Escoitar, na aula, aos compañeiros ou o mestre cando teñen o turno de palabra. Pedir o turno para intervir.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Gozar da lectura en lingua galega.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Utiliza as bibliotecas respectando as normas.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca do centro recoñecendo as zonas de lecturas axeitadas a súa idade.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler en voz alta respectando os puntos, as comas, o punto e aparte ou punto final.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Escoitar ou ler con atención textos de escritores galegos.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Empregar os seus coñecementos lingüísticos para a expresión en lingua galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.</li> <li>- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.</li> <li>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.</li> <li>- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos</li> </ul>

## Contidos

- propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics...
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 1.2	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Coñecer o vocabulario básico en galego de cortesía, de situacións de aula e da temática traballada na unidade.	PE	50
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Copiar frases sinxelas en galego.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos.	Elabora os seu propio texto según o modelo dado.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribir en galego textos coherentes dun mínimo de 40 palabras.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Signar os días da semana.	TI	50
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Amosar unha actitude positiva ante o uso do galego na aula e non amosar unha actitude negativa ante este uso.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Amosar unha actitude positiva ante o uso do galego na aula e non amosar unha actitude negativa ante este uso.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Ler en galego comprendendo a idea principal do texto.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura	Comprender a idea principal de diferentes tipos de texto: o conto e o poema.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Opinar sobre o galego e algunhas das nosas tradicións.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Buscar información en galego.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Compartir a información obtida co resto do equipo de traballo.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Coñecer o vocabulario relacionado coa temática da unidade traballada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.</li> <li>- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.</li> <li>- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.</li> </ul>

## Contidos

- Educación financeira
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.
- Medición
- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Análise, comparación e descrición de obxectos cotiás e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (ladros, ángulos e vértices) e as súas propiedades.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras e ferramentas dixitais.
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos.
- Localización e sistemas de representación
- Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou

## Contidos

- explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.
- Organización e análise de datos
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Resolución de problemas cotiás, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiás, imaxes, regretas, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques...) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As diferentes unidades didácticas permiten, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais.

A aprendizaxe é significativa, posto que o alumnado constrúe os seus coñecementos a través da presentación dos contidos en forma de estímulos. Estes estímulos, os contidos, parten da realidade do alumnado, estando relacionados con cuestións que poden observar na súa vida cotiá.

A aprendizaxe, desta maneira, conleva un tipo de aprendizaxe de rango experimental e a posta en práctica dunha actitude proactiva. Nalgunhas ocasións, poñerase en práctica a aprendizaxe cooperativa e en outras ocasión a aprendizaxe colaborativa. Priorizarase unah aprendizaxe baseada no compoñente práctico, manipulativo, investigados e comprensivo.

O longo do curso realizarase como mínimo unha actividade de aprendizaxe e servios.

No presente curso escolar no PDI do centro traballarase "O mar e os océanos" polo que considérase prioritarios os contidos relacionados co cuidado do medio, a paisaxe de costa e, a fauna e flora mariña. Contidos desta materia que serán traballados de forma transversal.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, goma, lapis, rotuladores, ceras, tesoiras...
Material elaborado: fichas, guías.
Recursos dixitais: páxinas web, pizarra dixital.
Materiais específicos dos Polos Creativos: estudo radio.
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, pezas de construción, corpos xeométricos, xeoplanos...

O material presentarase para o seu coñecemento e exploración propoñendo actividades libres. Posteriormente realizaranse actividades e xogos semidirixidos orientados a unha experimentación máis profunda. Unha vez pasadas estas fases, o material será usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos.

As familias participarán con propostas de actividades onde a familia, xunto co alumno ou alumna desenvolven unha actividade que pode ser dentro da aula ou converterse nunha saída complementaria, esta actividade recibe o nome de "Educando en familia"

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo durante as dúas primeiras semanas do curso nas materias instrumentais. Durante este periodo, realizaranse probas para comprobar cal é o nivel do que parte o alumnado en canto á competencia lingüística e matemática. Asemesmo, tamén é unha avaliación de carácter observacional, a cal permite comprobar o grao de desenvolvemento do alumnado na execución das tarefas en cuestións que implican estas competencias.

Unha vez obtidas as conclusións, a información recollida trasladarase a reunión da avaliación inicial o martes 24 de setembro, para que xunto co equipo docente e do Departamento de Orientación detectar a posible presenza de dificultades e coordinar as medidas ordinarias ou extraordinarias a realizar.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	40	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40

### Criterios de cualificación:

A hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, as táboas de indicadores, que permiten valorar diferentes cuestións.

As probas escritas poden ser exames formais ou traballo diario de aula, combinado con tarefas realizadas cada certo tempo que permitirán coñecer o progreso do alumnado.

As táboas de indicadores son listas de cotexo ou rúbricas cunha porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación da unidade.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

- Nota da primeira avaliación:  $\text{Nota UD1} \times 0,5 + \text{UD2} \times 0,5$

- Nota da segunda avaliación:  $\text{Nota UD3} \times 0,5 +$

## UD4x0,5

- Nota da terceira avaliación: Nota UD5

O cálculo da nota da avaliación final será 30% a primeira avaliación, 30% a segunda avaliación e o 40% a terceira avaliación.

Para o cálculo da nota de cada unidade utilizaranse as seguintes porcentaxes:

60% Exercicios escritos de aula deseñados para avaliar coñecementos específicos da unidade.

40% Traballo persoal distribuído da seguinte maneira:

- 10% Operacións. (Lista de cotexo)
- 5% Numeración. (Lista de cotexo)
- 5% Cálculo mental. (Lista de cotexo)
- 15% Resolución de problemas. (Rúbrica)
- 5% Caderno. (Rúbrica)

### **Criterios de recuperación:**

o alumnado que obteña unha valoración negativa nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos criterios de recuperación que se desenvolven a continuación.

Deberá realizar unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados e que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% na cualificación final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A aula contará con apoio de dispoñibilidade horaria que se focalizará naquel alumnado que presente máis dificultades para rematar as súas tarefas ou que presente menor grao de autonomía. Asemesmo dende o Departamento de Orientación se ofrecerán as orientacións e os apoios necesarios. Tamén a mestra titora, asesorada polo Departamento de Orientación, realizará atención individualizada o alumnado que o precise.

Na aula de 2º EP estarán presentes diferentes rincóns con xogos manipulativos e de lóxica para reforzo e ampliación que o alumnado empregará libremente, así como o rincón de ciencias e por suposto a biblioteca de aula. Tamén se ofrecerán materiais escritos de ampliación ou de reforzo ao alumnado según o precise.

Implementaranse experiencias e actividades de carácter científico ofrecendo ao alumnado un enriquecemento do currículo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a praza de abastos.	Observación de fauna de mares e océanos. Prestarán atención as etiquetas para ver os prezos. (Cantidade e formato)	X		

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
Metodoloxía empregada
Implicación activa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos espazos e orden da aula.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de apoio extraordinario, atención individualizada e de enriquecemento curricular.
Clima de traballo na aula
Interaccións entre o propio alumnado e alumnado/mestres.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Valoración da comunicación e coordinación coas familias e o resto do equipo docente.

**Descrición:**

Avaliarase o grao de cumprimento unha vez o mes.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Cada mes revisarase a presente programación. Nesta revisión teranse en conta os seguintes puntos:

- Reunións mensuais do equipo docente de coordinación do 1º ciclo.
- No relativo ás unidades didácticas, as datas de inicio e fin, o número de sesións previstas e as finalmente realizadas.
- Grao cumprimento xeral da programación.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

As modificacións da programación quedarán reflectidas nas revisións mensuais e na memoria final. Estas modificacións servirán como proposta de mellora para o próximo curso.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos. Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organízase arredor de dous eixes respectivamente:

-percepción e análise

-creación e interpretación

Cada unha das 3 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para que o alumnado sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación. Este ano como novidade contamos con aula de música co que contaremos cun enorme abanico de novas posibilidades para a materia.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 2º nivel remata tamén o 1º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Nese senso, un dos obxectivos chave será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo das cancións	Nesta unidade tomaremos contacto coa linguaxe musical, traballaremos a interpretación vocal e instrumental e iniciáronos no coñecemento dos instrumentos musicais.	35	12	X		
2	Músicas da natureza	Nesta UD realizaremos exercicios de escoita activa, discriminación auditiva e audicións musicais, coñeceremos as calidades do son e aprenderemos sobre diferentes compositores e compositoras.	35	12		X	
3	Ábrese o telón!	Esta UD permitiranos coñecer o corpo como medio de expresión, nos introducirá na ópera e no teatro, coñeceremos as diferentes profesións artísticas e cal é o papel da muller nas artes escénicas.	30	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo das cancións	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Mostra curiosidade por diferentes propostas musicais	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Realiza ditados (8 pulsos e grafía non convencional) de negra e silencio; outros de son rápido e curto; outros de son forte e piano; outros de son agudo e grave e outros de pulso con e sen acento.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas e musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase a través da música		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira colaborativa		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Utiliza a linguaxe musical para crear en grupo elementos culturais e artísticos		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias musicais e explica o resultado obtido		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Músicas da natureza	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais de diferentes estilos elaborados con diferentes instrumentos	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica e representa: negra, branca, silencio (negra e branca), dobre corchea, barra divisoria e dobre barra final, compás 2/4 e clave de sol. Identifica as notas do, mi, sol, la e do agudo.		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información de maneira básica e guiada		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifican manifestacións culturais e artísticas que forman parte do patrimonio de diversas contornas		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha melodía de 4 compases de 2/4 (notas: do, mi, sol e la; figuras: branca, negra, silencio de negra e dobre corchea).		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Exprésase utilizando diferentes linguaxes e instrumentos		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 (figuras: negra, silencio de negra e dobre corchea).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O</li> </ul>

**Contidos**

- silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
3	Ábrese o telón!	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais mostrando curiosidade	TI	100
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Asocia o son dalgúns instrumentos e/ou voces ao debuxo correspondente. Realiza ditados de 8 pulsos: rítmicos (negra, silencio de negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras musicais utilizando diferentes elementos		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 (notas: mi e sol; figuras: negra, silencio de negra).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre pasos ou movementos de bailes e coreografías		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece as principais profesións vinculadas ás artes escénicas		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información sobre manifestacións culturais e artísticas		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Encontra diferenzas e similitudes entre o patrimonio de diversas contornas		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras de maneira guiada utilizando diferentes posibilidades expresivas		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresase utilizando diferentes linguaxes e instrumentos		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Colabora co grupo nas producións escénicas e performativas		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza do proceso e resultado das experiencias creativas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Estratexias básicas de recepción activa.

## Contidos

- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Vocabulario específico básico de música.
- Recursos dixitais básicos para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgunhas cuestións a tratar ao longo do ciclo, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

-consciencia e colocación da postura corporal

-respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a fruta doce

-notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia

-fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz

-dixitación das notas traballadas na fruta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, a pizarra dixital.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Teclado electrónico
Libreta
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (fruta, cartafol para fichas e estoxo).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cançons/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro.

-unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Probas prácticas 100%

Cada trimestre consta dunha unidade didáctica (UD), e en cada unidade a nota final obtense seguindo estas porcentaxes:

-Interpretación instrumental ou vocal (25%)

-Exercicios rítmicos ou melódicos (pode incluír ditados musicais) (25%)

-Danzas/ expresión corporal (25%)

-Fichas ou traballos realizados en clase sobre cuestións teóricas (25%)

A nota final de cada unidade didáctica constituirá a nota final de trimestre.

Haberá un total de tres unidades en todo o curso académico.

Para obter a cualificación final na materia, cada trimestre terá o seguinte peso: 1º trimestre - UD 1: 35%, 2º trimestre- UD 2: 35% e 3º trimestre- UD 3: 30%

Os instrumentos que se utilizarán para a medición serán as rúbricas, que van ser diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar. A maior parte basearase na observación directa do alumnado

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de curso. Isto terá lugar cara a segunda semana de xuño. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.



## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular.

Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitosa		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	Asistencia a concertos interpretados por músicos profesionais de orquestras clásicas, bandas de música ou grupos galegos.	X	X	X
Obradoiro de danza	Obradoiro de danzas			X
Festivais ou conmemoracións	Concertos ou actuacións en conmemoracións do centro			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.
Outros
Máis do 90% do alumnado superou a materia.

### Descrición:

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e, entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqú recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Na memoria final será incluída a información final da avaliación da materia.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a materia do Proxecto Competencial, nun CEIP, situado na área urbana de Pontevedra.

A materia do proxecto competencial ten como obxectivo que o alumnado elabore un proxecto, que constitúa un servizo á comunidade e que incorpore na súa realización todos os contidos que se desenvolven no currículo. O alumnado elaborará un produto final no que se empregarán, entre outros, medios audiovisuais que se compartirá coa comunidade educativa. Así, convértese nun traballo de carácter interdisciplinar co que se poñen de manifesto as competencias clave.

O principal obxectivo que ten este proxecto é o fomentar o coñecemento do coidado do medio, do noso entorno no día a día. O longo do proxecto o alumnado coñecerá e empregará o método científico en diferentes actividades.

O longo deste curso o centro impulsa diferentes actividades relacionadas coa reciclaxe e coidado do medio que xunto co PDI, dedicado este ano aos mares fan que sexa un momento propicio para traballar o tema elixido.

O alumnado de segundo levará a cabo a realización dun proxecto sobre a sostibilidade. Este proxecto está conformado por un total de 3 unidades didácticas.

A primeira delas está pensada para ser levada a cabo no primeiro trimestre; a segunda no segundo trimestre e a terceira, no derradeiro trimestre do curso.

Na primeira unidade didáctica, o alumnado debe adquirir as competencias para a realización do produto final, que será un servizo para a comunidade. O alumnado primeiramente debe acostumarse a traballar en grupo, apoiarse e chegar a acordos. Así mesmo, nesta primeira unidade, aprenderán a realizar investigación e a recoller información e datos.

Na segunda unidade didáctica, o alumnado levará a cabo o produto que ten como fin a realización do proxecto. Todo isto, tras a obtención da información necesaria.

Na terceira e derradeira unidade didáctica, os esforzos estarán dirixidos á comunicación do proxecto realizado, para o que se formula que o alumnado poña en práctica presentacións en público.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen vive aí?	Nesta primeira unidade, o alumnado de segundo adquirirá unha serie de coñecementos por medio da posta en práctica de actividades na aula e a procura de información sobre os océanos. A través de actividades lúdicas e participativas, aprenderán sobre a biodiversidade mariña, as causas e consecuencias da contaminación dos mares, e boas prácticas para coidar este medio.	30	15	X		
2	Mans á obra.	Nesta segunda unidade, o traballo consistirá en planificar a maneira de levar a información obtida a formatos físicos e audiovisuais, que permitan que a comunidade educativa aprenda máis cousas acerca desta temática.	35	10		X	
3	Baixo do mar.	Nesta terceira e derradeira unidade, o traballo consistirá en comunicar os resultados á comunidade educativa e á sociedade. Esta difusión terá lugar mediante carteis e material audiovisual do centro.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen vive aí?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.			
CA1.1.1. - Recoñecer a importancia de reciclar para cuidar o medio ambiente.	Entender o que significa reciclar e a súa relevancia como acción para o ben da sociedade.		
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Ter conciencia en todo o momento de todos os materias que se levan a cabo na materia e principalmente do proxecto final ao que están destinados.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Seleccionar a información relevante para levar a cabo o proxecto.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.			
CA1.4.1. - Ter conciencia das diferentes etapas que conforman o proxecto.	Ter conciencia das diferentes etapas ou pasos que conforman o proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Facer suxerencias propias para o desenvolvemento correcto do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Mans á obra.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados e mobiliza as competencias cos niveis de calidade requiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	TI	100
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Facer alusión aos resultados máis relevantes do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.



UD	Título da UD	Duración
3	Baixo do mar.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto e os produtos finais obtidos.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con correcta e clara.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal adecuada.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto, destanca por riba de todos a radio escolar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía implica unha forma de traballar que se levará a cabo de xeito cooperativo, no que o alumnado realizará as tarefas sempre por grupos de traballo. A forma de executar as actividades previstas dependerá das decisións que se tomen no grupo clase. Unha vez escollidos, o traballo consiste en planificar e poñer en marcha un servizo á comunidade para fomentar o coidado do medio ambiente. Para isto, o alumnado empregará un medio audiovisual que permita comunicar todo o aprendido do xeito máis productivo.

As fases do proxecto serán as seguintes:

Primeiro trimestre:

- Poñernos de acordo para o inicio do proxecto
- Centrar o tema do proxecto, partindo da idea inicial que é traballar os bosques
- Recollida de información partindo do que xa saben
- Fichas onde se recolle por escrito a información básica
- Realización de pequenos proxectos informativos para a clase que permitan recoller ou representar toda a información obtida

Segundo trimestre:

- Planificación da maneira en que se vai transmitir á comunidade toda a información obtida
- Redacción dun guión de radio que permita expoñer todos os saberes aprendidos e facer unha labor de concienciación á sociedade
- Continuar na procura de información e posta en práctica de pequenos proxectos que teñan relevancia en relación

coa temática estudiada

Terceiro trimestre:

- Gravación dun programa de radio
- Comunicación por medio de diferentes canles audiovisuais de todos os resultados obtidos na investigación

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas
Lápiz e goma
Ceras e rotuladores
Ordenador
Pizarra dixital
Cámara de vídeo
Cartulinas
Tesoiras e pegamento
Plató de radio

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo durante as primeiras semanas do curso. Durante este periodo, se realizan probas para comprobar cal é o nivel do que parte o alumnado en canto á competencia lingüística e matemática. Asemesmo, tamén é unha avaliación de carácter observacional, o cal permite comprobar o grao de desenvolvemento na execución do alumnado en cuestións que implican estas competencias.

Unha vez obtidas as conclusións, a información recollida se traslada a unha reunión de avaliación inicial, para poñer en coñecemento do Departamento de Orientación a posible existencia de dificultades e a necesidade de ofrecer a algúns alumnos ou alumnas unha atención máis individualizada.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### **Criterios de cualificación:**

Para o cálculo da nota de cada avaliación, terase en conta a seguinte fórmula:

- Nota primeira avaliación: Nota unidade 1, (UD1)

- Nota segunda avaliación: Nota unidade 2, (UD2)

- Nota terceira avaliación: Nota unidade 3, (UD3)

Para o cálculo da nota de final de curso, se fará o seguinte cálculo (Nota UD1 x 0,30 + Nota UD 2 x 0,35 + Nota UD 3 x 0,35)

Para o cálculo da nota de cada unidade, os instrumentos de avaliación serán as rúbricas. Utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1:

- Traballo en equipo, (50%)

- Execución de pequenos proxectos, (50%)

UNIDADE 2:

- Traballo en equipo, (50%)

- Execución de pequenos proxectos, (50%)

UNIDADE 3:

- Traballo en equipo, (50%)

- Execución de pequenos proxectos, (50%)

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un estudante non realice as tarefas pautadas no proxecto ou dificulte dun xeito chamativo o desenvolvemento do traballo en grupo, deberá realizar tarefas específicas relacionadas co proxecto. Esta tarefa será avaliada tamén cunha rúbrica e se terá en conta na nota da avaliación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A realidade existente na aula é diversa, e por esta razón, cómpre ter en conta as diferentes casuísticas da clase. Neste sentido, se terán en conta as conclusións obtidas tras a realización da avaliación inicial, pero tamén todas aquelas observacións que xurdan no día a día da clase.

A aula contará con apoio de dispoñibilidade horaria que se focalizará naquel alumnado que presente máis dificultades para rematar as tarefas ou que presenten un menor grao de autonomía. Asemesmo, dende o Departamento de Orientación, de darse o caso de que na aula existisen necesidades específicas de apoio educativo, se ofrecerán as orientación e apoios necesarios.

Na aula de 2º A planifícanse rincóns con xogos manipulativos de reforzo e ampliación para todos aqueles e aquelas que rematen o traballo marcado en cada sesión. Por outra banda, se ofrecerán tamén materiais escritos de ampliación para todo este alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Recollida de lixo na praia	O alumnado de segundo se desprazará á praia de Lourido para recoller todo o lixo que alí se atope.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados académicos do alumnado
Memoria de final de curso e resultados académicos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Memoria final, resultados académicos e cumprimento da programación

Clima de traballo na aula
Frecuencia de conflitos na aula
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Reunións do Departamento de Orientación
Outros
Memoria de final de curso

**Descrición:**

Tralo remate de cada trimestre, revisarase a presente Programación. Nesta revisión, se terán en conta os seguintes puntos:

- Reunións trimestrais do equipo docente de coordinación de ciclo
- No relativo ás Unidades Didácticas, data de inicio e fin. Número de sesión previstas e as finalmente realizadas.
- Grado de cumprimento xeral da programación
- Propostas xerais de mellora e outras observacións

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre, revisarase a presente Programación. Nesta revisión, se terán en conta os seguintes puntos:

- Reunións trimestrais do equipo docente de coordinación de ciclo
- No relativo ás Unidades Didácticas, data de inicio e fin. Número de sesión previstas e as finalmente realizadas.
- Grado de cumprimento xeral da programación
- Propostas xerais de mellora e outras observacións

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006407	CEIP Plurilingüe Froebel	Pontevedra	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes exponen cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 2º de Educación Primaria do CEIP A Xunqueira 1 (Pontevedra), con distintos niveis socioeconómicos, moi diversos ritmos de aprendizaxe e unha alta porcentaxe de alumnado con NEAE.



## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	E Deus creou o mundo	A ruptura do home con Deus: Adán e Eva. O Pecado Orixinal. A importancia de coidar e respectar a natureza.	13	5	X		
2	Xa chegan os Reis Magos!	Falaremos do Advento como tempo de espera e preparación. Centrarémonos no Nadal, destacando o nacemento de Xesús como o acontecemento máis importante deste tempo.	14	5	X		
3	Os Patriarcas	Abraham, Isaac, Jacob e Xosé; a súa amizade con Deus. Relatos bíblicos máis característicos. A arca de Noé.	15	5	X	X	
4	Moisés chega nunha cesta de vimbio	O Príncipe de Exipto: A biografía de Moisés e a súa relación con Deus e co pobo de Israel. Os 10 Mandamentos. A Semana Santa: principais acontecementos.	15	5		X	
5	O Bautismo	Coñeceremos que, grazas a este Sacramento, os cristiáns entramos a formar parte da familia da Igrexa. Principais símbolos do Bautismo.	15	5		X	
6	A Igrexa: a casa do noso Pai	Símbolos dos cristiáns: auga, luz, óleo, etc. Principais lugares e obxectos do tempo sagrado.	14	5			X
7	María, nai de todos	Destacaremos a figura da Virxe María e falaremos da importancia da familia e dos diferentes tipos de familias que existen na actualidade.	14	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	E Deus creou o mundo	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Observa nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano: amor, amizade, empatía...	TI	100
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Recoñécese como un membro máis dentro do seu grupo de iguais.		
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Compara a súa amizade con diferentes compañeiros/as coa amizade que ten Xesús cos seus amigos.		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitude de respecto cara aos demais.		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Resolve pacíficamente os conflitos dentro da aula.		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	É quen de relacionar representacións artísticas con relatos escoitados e lidos na aula.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Toma conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	É quen de expresar como se sente ante determinadas situacións.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Sitúa a Xesús como a figura máis importante do cristianismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiás e a súa procura da felicidade.</li> </ul>

**Contidos**

- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.
- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Xa chegan os Reis Magos!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Relaciona personaxes bíblicos con vivencias propias.	TI	100
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Identifica situacións que promoven unha convivencia pacífica.		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Exprésase de xeito creativo cando realiza representacións artísticas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconhecimento persoal e as vivencias dos outros.	Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Recoñece que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> <li>- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Os Patriarcas	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Observa nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano.		
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Recoñece algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable.		
